

## UNHA GALICIA PARA TODOS

XESÚS MOSQUERA SUEIRO  
Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UXT)

*Recibido:* 4 abril 2000  
*Aceptado:* 15 xuño 2000

Cando nun contexto de estabilidade política e prosperidade económica, como o que se vive en España e en Europa, unha rexión perde poboación é porque a súa economía non vai ben.

Desde o ano 1990 ata finais do 98, a economía medrou en Galicia preto dun 21%, aínda que a ocupación descendeu en máis de 12 puntos, de xeito que por primeira vez se situou por debaixo do millón de ocupados. E, paralelamente, aumentou o paro alcanzando unha taxa que supera tamén por primeira vez a media española.

Galicia vén perdendo poboación e rexistra unha taxa de natalidade cada vez máis baixa, o 6,77% fronte ó 9,14% da media española. Este descenso poboacional leva consigo unha proporción cada vez máis alta de persoas de idade avanzada, pasivas e subsidiadas, e un descenso progresivo da poboación en idade de traballar.

A taxa de dependencia indica que a finais do ano 99 contabamos en Galicia con 1,45 inactivos e parados por cada ocupado, indicador este tamén superior á media española.

Pero é que, ademais, estase a producir unha deterioración das condicións de traballo, o que supón un incremento dos accidentes laborais que implican baixa médica e, sobre todo, a precariedade laboral, ata o punto de que o 34% dos asalariados en Galicia teñen contratos de traballo temporais. Por outro lado, un 35% da poboación activa ou está no paro ou traballa cun contrato en precario, de xeito que o seu horizonte económico non pode ser positivo.

A cobertura social rexistrou un descenso, en particular a taxa de cobertura do seguro por desemprego caeu en máis de 12 puntos, de xeito que na actualidade son menos os parados que perciben prestación ou subsidio e, ademais, a súa contía vai descendendo progresivamente.

O informe do Consello Económico e Social de Galicia sobre a situación da pobreza e os niveis de protección social estima en 40.000 os fogares e en máis de 140.000 as persoas que se atopan en situación de extrema pobreza.

As causas desta situación descrita son moitas, complexas e difíciles de sintetizar. Sen dúbida, entre elas, podemos mencionalos efectos da reconversión industrial, o fracaso das políticas compensatorias e dos instrumentos deseñados para iso: ZUR, ZID, ZPE, etc., e tamén as dificultades do noso sistema productivo para competir en mercados cada vez máis amplos e liberalizados. Así mesmo, o feito de

se-la nosa economía non complementaria senón concorrente coas producións dos países máis prósperos da Unión Europea, unido a limitacións á hora de negociar estes aspectos, fixo que levasémo-las de perder ó se estableceren os axustes productivos. Máis recentemente, a política de privatizacións de empresas públicas, as fusións dalgunhas empresas, etc. contribuíron á destrución do emprego estable e ó aumento da poboación inactiva.

De cara ós vindeiros anos, se cadra, o primeiro e máis importante reto sexa o de supera-lo illamento que sofre a cornixa cantábrico-atlántica e con iso Galicia. As vías de comunicación rápida e os principais polos de crecemento económico tenden a situar ó Porto e a Bilbao como principais puntos de referencia, co risco, polo tanto, de seguir acentuando o mencionado illamento de Galicia e do resto da cornixa.

Qué dúbida cabe que tamén nestes anos hai sectores e empresas que souberon adaptarse á nova conxuntura, medrando, creando emprego e competindo eficazmente nos mercados internacionais. Pero é certo tamén que son tal vez insuficientes para tirar con forza da economía galega na medida necesaria. Xa que logo, as entidades financeiras, particularmente as caixas de aforro, deberán desenvolver un papel máis efectivo e dinámico no impulso da economía galega. Non esquezamos que tan só pouco máis do 60% do aforro que xeran empresas e particulares galegos se reinvesten de novo en actividades productivas na nosa comunidade.

Así mesmo, é moi dubidoso que o mercado sen máis permita supera-los nosos actuais problemas. Empresas importantes en sectores clave da economía poden desaparecer ou cambiar de mans en beneficio de intereses e capitais foráneos. Sería necesaria unha política desde a Xunta de Galicia máis intervencionista, de xeito que, respectando a libre empresa, permita a modernización do noso tecido productivo e a defensa efectiva dos intereses económicos e sociais das empresas galegas, máis aínda cando todo indica que o proceso de fusións, absorcións, *opas*, etc., non está rematado. Neste sentido, algúns feitos recentes resultaron lamentables e máis lamentable aínda sería que se repetisen en novos sectores.

Un serio problema de cara ó futuro constitúeo o escaso tamaño das empresas galegas en xeral e, polo tanto, a menor capacidade financeira de innovación, etc. O proceso de grandes fusións e integración de empresas debера completarse cunha modernización do tecido empresarial de pequeno e mediano tamaño. De non abordarse adecuadamente este problema, pode producirse o peche de moitas pequenas e medianas empresas nos vindeiros anos.

Noutra orde de cousas, e tamén de cara ó futuro inmediato, parece necesario ir preparando a nosa economía para unha posible redución dos fondos estruturais, tendo en conta a incorporación de novos países á Unión Europea e as dificultades observadas xa ultimamente en relación con este tema.

Outro capítulo importante que se deberá abordar no futuro inmediato, e con urxencia, é o da adecuación da administración pública galega e a ordenación político-administrativa do territorio. Da “administración única”, da que se fixo ampla publicidade, quedano-lo silencio e o seguir como estabamos, con solapamentos de funcións e ineficacias que, ademais, resultan caras. O proceso de comarcalización

deseñado non abonda con deixalo no mapa, debera impulsarse con decisión para achegárle-la administración ós administrados, mellora-los servicios públicos en todo o territorio e preparar, se non a desaparición, si un serio axuste no papel das actuais deputacións provinciais.

Ademais das sete “grandes cidades” galegas, vanse conformando outros núcleos de poboación chamados nun futuro próximo a desenvolver un papel moito máis relevante na vida económica e política de Galicia. Son as poboacións de tamaño intermedio que, estendidas polas catro provincias, desempeñarán un papel cada vez máis importante na vertebración do territorio e no hábitat de Galicia nos vindeiros anos.

A pesar das dificultades actuais, os sectores da pesca e da agricultura, así como das actividades de transformación e comercialización derivadas, están chamados a desempeñar un papel decisivo na economía galega. O sector forestal segue sendo unha disciplina pendente, a pesar das súas enormes potencialidades económicas e de creación de emprego.

No plano industrial, seguirá destacando o sector do automóbil en Vigo, pero con notable influencia no conxunto da economía galega, así como o sector naval, a pesar das súas dificultades actuais. Será decisivo resolver adecuadamente a problemática actual dos estaleiros públicos en Ferrol, así como a doutras industrias públicas como Tabacalera e Santa Bárbara na Coruña. O sector téxtil e o conserveiro constitúen, igualmente, actividades punteiras de cara ó futuro.

Galicia no seu conxunto, como se dunha persoa nova se tratase, ten pendente de defini-lo seu proxecto de futuro en función das potencialidades propias e do contexto no que vive, que non é outro que España e Europa. Isto, lamentablemente, é algo aínda pendente. A conseguilo estamos chamados todos, non só, nin moito menos, os partidos políticos, senón o conxunto da sociedade, en particular as universidades, as entidades financeiras, os empresarios, os sindicatos e tódalas organizacións sociais que hoxe configuran a sociedade galega.